

**Nota de prensa
do SLG**

29-04-2010

CONCENTRACIÓN DIANTE DA DISTRIBUCIÓN EN A CORUÑA

O SLG enmarcou a política de extorsión que practican as multinacionais da distribución na responsabilidade dos gobernos.

No día de hoxe celebrouse un acto informativo de concentración diante dunha superficie comercial da cadea DIA en A Coruña, para sensibilizar e denunciar diante das consumidoras e consumidores as prácticas de extorsión que as multinacionais da distribución -entre elas DIA- practican para impoñer prezos ruinosos que conlevan o peche de milleiros de explotacións leiteiras na Galiza e en toda Europa.

Nese senso, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, enmarcou ditas prácticas na responsabilidade que os gobernos están tendo á hora de seguir propoñendo maior desregularización dos mercados e maior liberalización da produción, na próxima reforma da PAC.

O SLG recordou que os ministros e as ministras de agricultura da UE, que se reúnen en Mérida a finais do mes de maio, vanse atopar o día 30 cunha resposta das labregas e dos labregos, convocados/as polas organizacións que forman parte da Coordinadora Europea Vía Campesina -da cal o SLG é membro-, para que a reforma da PAC que están a elaborar signifique o mantemento de explotacións en base a ter prezos que cubran custes de produción, para o cal é imprescindible que se regulen

os mercados e se controle a produción, non permitindo ás multinacionais que acaben co tecido agrario galego e de toda a Unión Europea.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG

TLF: 619 348 426